

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE SETEMBRO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de setembro de dous mil dezasete, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e sete minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján.

Interventora acctal.: Dna. Isabel Carbonés Bosch.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste D. Víctor López Mateo (non adscrito).

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTAS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO 31 DE XULLO DE 2017 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 29 DE AGOSTO DE 2017.

Non hai ningunha observación respecto aos borradores remitidos coa convocatoria. Sometidos a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria do 31 de xullo de 2017 e por once votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras non adscritas) e cinco abstencións (Grupo do PP), a acta da sesión extraordinaria do 29 de agosto de 2017.

PARTE RESOLUTIVA

2. MOCIÓN, A INSTANCIA DA PLADESAPU E DA XUNTA DE PERSOAL DO HOSPITAL, SOBRE A MODIFICACIÓN DA LEI DE SAÚDE DE GALICIA.

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto cos puntos 5, 6, 8, 13 e 14, acórdase o seguinte en votación separada:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galega publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia.

A intención por parte do Goberno de Galicia foi iniciar este proceso de reforma da Lei de Saúde de Galicia de forma escurantista, en pleno mes de agosto, con moitos profesionais de vacacións e sen diálogo previo na mesa sectorial nin ces colectivos sociais, e cun prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días en pleno período de vacacións.

Esta modificación vai provocar máis deterioro na sanidade pública, porque pretende o desmantelamento e a consolidación da privatización do Sistema Sanitario Público Galega. Desmantela as áreas sanitarias para baleirar de contido os hospitais comarcais, coa finalidade de concentrar os servizos sanitarios nos grandes hospitais.

Esta medida supón unha barreira para o acceso da cidadanía a atención hospitalaria. Mantén as estruturas de Xestión Integrada nas áreas sanitarias (EOXIS) responsables do deterioro e marxinação da Atención Primaria absorbida polas xerencias hospitalarias.

Reduce a posibilidade de participación social na planificación, control e avaliación da actividade do sistema sanitario e dos centros asistenciais e favorece a laboralización e precarización do persoal sanitario, así como o enchufismo na adxudicación de prazas.

A Lei Galega en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase "tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación", no anteproxecto establece que se fará "tendo en conta os recursos sanitarios existentes". Esta modificación non prioriza as necesidades sanitarias da poboación, senón que será en función dos recursos que o goberno decida destinar á sanidade pública.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras non adscritas) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- Retirada do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia.
- Mantemento da Área Sanitaria de Monforte de Lemos para favorecer a resolución dos problemas da cidadanía e dos traballadores/as sen ter que desprazarse aos grandes hospitais e sen marxinar a atención primaria.
- Nomeamento dunha Xerencia, na Área Sanitaria de Monforte con capacidade de xestión directa, e que sexa capaz de dotar ao Hospital de Monforte e a súa atención primaria de persoal, recursos materiais e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada que se corresponda coas necesidades reais desta Comarca de Lemos.

2. No caso de que a Xunta de Galicia non anuncie a retirada do anteproxecto de modificación da Lei de Saúde de Galicia, creación dunha comisión aberta a todos os grupos políticos, sindicatos, Plataforma Sanitaria, Xunta de Persoal e cidadáns da Área Sanitaria para facer un peche permanente e rotatorio dentro do Hospital a partir do 01 de outubro de 2017.